



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 4 DE FEBREIRO DO 2021.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos</p>
---	--

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día catro de febreiro do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 21/01/2021.

II.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIÓN DO CONCELLO DE RIBEIRA.

Expediente: 2021/C_SE000001





Visto o expediente que se tramita para contratar a **Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Ribeira**, cun orzamento total ANUAL de licitación de 167.719,14 euros (base ANUAL: 138.610,86 euros; IVE 21% ANUAL: 29.108,28 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

O valor estimado do contrato ascende a 658.401,57 euros. Esta cifra e ó resultado de multiplicar o importe da anualidade excluído o IVE (138.610,86 euros) por 4 anos de duración (2 iniciais + 2 posibles prórrogas), máis a prórroga do contrato por un período máximo de 9 meses cando ó vencemento do contrato non estivese formalizado o novo contrato (art. 29.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público)

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación (no que se inclúe a xustificación da imposibilidade de atender as necesidades das que é obxecto o contrato a través dos medios dispoñibles), asinada pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 21/01/2021, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na mesma data.

2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza na data 21/01/2021.

3) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 22/01/2021 (número de operación 2021 22000295), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 932 22709.

4) Prego de prescricións técnicas redactado pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 21/01/2021.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/01/2021.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 01/02/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 01/02/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobación do expediente de contratación da **Prestación dos servizos de**





colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Ribeira, cun orzamento total ANUAL de licitación de 167.719,14 euros (base ANUAL: 138.610,86 euros; IVE 21% ANUAL: 29.108,28 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.(Valor estimado do contrato: 658.401,57 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas redactado pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 21/01/2021.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación do servizo, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/01/2021.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 932 22709.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 2.3.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello.

SÉTIMO.- Ó tratarse dun contrato de servizos suxeito a Regulación Harmonizada a licitación anunciarase ademais de no Perfil de Contratante do Concello no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

OITAVO.- Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/.

NOVENO.- Segundo establece a cláusula 2.8 do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa su sesión ordinaria de data 25/06/2018.

DÉCIMO.- Dar conta do presente acordo á Intervención e á Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA)".

Expediente: 2020/C_ OB000015

Visto o expediente que se tramita para contratar, as "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA)", cun orzamento total de licitación de 420.000,00 euros (orzamento base: 347.107,44 euros; IVE 21%: 72.892,56 euros), e cun prazo de execución de 4 meses.

Esta actuación está subvencionada mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Ribeira para o acceso ó fondo de cooperación para o apoio ó financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación





do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, de data 30/08/2018, asinado pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda Ethel María Vázquez Mourelle e polo alcalde do Concello Manuel Ruiz Rivas.

O proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data decembro/2019, foi aprobado por decreto da alcaldía número 202005/174 de data 29/05/2020.

O expediente de contratación, por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas e o correspondente gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 63201, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de data 04/06/2020.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 08/07/2020, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través do Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX), as ofertas dos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.
2. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
3. LOVUEXCO, S.L.
4. UTE entre NAVICEIRO, S.L. e DEPUR G.M. DESEÑO E OBRA, S.L.
5. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
6. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.

A apertura dos arquivos en soporte dixital (sobres A de documentación administrativa), presentados polos licitadores cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, a través do Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a documentación administrativa esixida na cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, realizouse na data 16/07/2020, acordando a Mesa de Contratación declarar admitidas a esta licitación ás sete empresas presentadas por considerar correcta a documentación aportada por cada unha delas.

O acto de apertura dos sobres ou arquivos B, que conteñen as ofertas técnicas de cada unha das empresas admitidas a esta licitación, realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 18/08/2020, na que, despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada unha delas, a Mesa de contratación, acordou dar traslado de dita documentación ós servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración avaliábles mediante xuízos de valor indicados na cláusula 12.2 e no anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 25/01/2021 o arquitecto municipal Martín Cerredá Álvarez emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/08/2020.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de contratación, na súa reunión da data 29/01/2021, acordou:

- *Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres B que conteñen os criterios avaliábles mediante xuízos de valor (referencias técnicas):*





Empresa	Programa de traballo	Actuación medioambiental	Plan de Control de Calidade	Esquema do plan de seguridade e saúde	Puntuación total
CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A	16,00	2,50	0,00	10,00	28,50
LOVUEXCO, S.L.	3,00	0,00	0,00	2,00	5,00
UTE entre NAVICEIRO, S.L. e DEPUR G.M. DESEÑO E OBRA, S.L	18,00	2,40	2,40	10,00	32,80
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	19,00	8,00	9,00	10,00	46,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00	2,40	9,00	10,00	37,40
UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	18,00	2,30	9,00	10,00	39,30

- Excluir da licitación ás empresas "CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L." e "LOVUEXCO, S.L.", por canto non alcanzan a puntuación mínima do 50% dos puntos asinados na Fase 1, tal e como se recolle na cláusula 15.1 e no Anexo V (Criterios de valoración), do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato.

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de contratación, na mesma reunión da data 29/01/2021, fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres C, de oferta económica, e a realizar o cálculo das correspondentes puntuacións, dando o resultado seguinte:

Empresa	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.	312.352,67 €	23,36
UTE entre NAVICEIRO, S.L. e DEPUR G.M. DESEÑO E OBRA, S.L.	277.685,95 €	42,50
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	298.694,22 €	32,55
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	282.961,98 €	40,22
UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	303.719,01 €	29,17

Á vista do informe emitido polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, na data 25/01/2021, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 29/01/2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Segundo o informe de data 25/01/2021, emitido polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez, **excluir** da licitación ás empresas "CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L." e "LOVUEXCO, S.L.", por canto non alcanzan a puntuación mínima do 50% dos puntos asinados na Fase 1, tal e como se recolle na cláusula 15.1 e no Anexo V (Criterios de valoración), do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA),** do seguinte xeito:

Orde	Empresa	Puntuación oferta técnica (sobre B)	Puntuación oferta económica	Puntuación total
------	---------	-------------------------------------	-----------------------------	------------------





			(sobre C)	
1º	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	46,00	32,55	78,55
2º	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	37,40	40,22	77,62
3º	UTE entre NAVICEIRO, S.L. e DEPUR G.M. DESEÑO E OBRA, S.L.	32,80	42,50	75,30
4º	UTE entre CANARGA, S.L. e ABECONSA, S.L.U.	39,30	29,17	68,47
5º	DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.	28,50	23,36	51,86

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 150, apartado 2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á empresa “OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.”** que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, **dentro do prazo de dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente, de forma telemática, a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Ribeira a documentación que se indica na cláusula 16.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/02/2021 **“Decreto: Adjudicación do contrato das obras de pérgola para apeadoiro da estación de autobuses na Avenida do Malecón (Ribeira)”**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/02/2021 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obra do proxecto denominado “Pavimentación das rúas Fontenova e Alto do Rial (Castiñeiras)”**”.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Eduardo Martínez Bernárdez**, de data 26/01/2021 (Rexistro de entrada nº 1.083), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa 2 Cubeliños, nº 9 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 02/02/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Eduardo Martínez Bernárdez autorización para a instalación dun **sinal de vao permanente** (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa 2 Cubeliños, nº 9 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- **Visto** o informe presentado pola **Policía Local**, de data 27/01/2021, relativo ao cambio de sentido de circulación en Rúa Travesía Manzanares (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o cambio de sentido de circulación en Rúa Travesía Manzanares (Ribeira), sendo se sentido único e con acceso á mesma, pola parte que linda máis preto a dirección Touro e saída pola fábrica Cerqueira, según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONS

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 03/02/2021, en relación á convocatoria establecida no extracto da resolución nº 2021/1432 do 14 de xaneiro de 2021 (BOP nº15 do 25 de xaneiro de 2021) e da aprobación das bases do programa (BOP nº 10, venres 18 de xaneiro de 2021): *“Bases do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o exercicio 2021”*, da Deputación Provincial da Coruña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a axuda para o financiamento da Sala-museo municipal de Ribeira acolléndose ao programa de “subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o exercicio 2021”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.





6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 01/02/2021, en relación á resolución do presidente da Deputación núm. 1074, do 14 de xaneiro de 2021, na que se aprobaron as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (BOP núm. 10, de 18 de xaneiro de 2021).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio de Música Profesional Enrique Paisal por importe de 20.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

3.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría**, de data 01/02/2021, en relación á *ORDE do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT235A)*. (DOG do 22/01/2021, núm. 14).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro: Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dotación de novidades editoriais en lingua galega e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino á Biblioteca Pública Municipal de Ribeira.

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.





ACORDO RELATIVO A OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTIDO - HNOS. CASAIS, S.C.

REDE DE SANEAMENTO: REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO, ÁMBITO RIBEIRA
EXPEDIENTE: 2019VERT000002

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Sonia Casais Sobrido, en representación de Hnos. Casais, S.C., presentou na sede electrónica do Concello de Ribeira un escrito, de data 2 de outubro de 2018 (entrada núm. 14.227), mediante a que solicita permiso municipal de vertedura para unha actividade de hostalería cuxo titular é Nicolás Vidal Pérez, localizada no lugar de Gándara, núm. 9, Oleiros, T.M. de Ribeira. Achégase ao escrito documentación para o seu exame e análise.

Escrito de Alcaldía de data 19 de decembro de 2019 (escrito con data do 20 de decembro de 2019, saída núm. 6.297), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., informe sobre a solicitude de permiso de vertedura efectuada por Nicolás Vidal Pérez. Notificación practicada en data 27 de decembro de 2019.

Informe emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 14 de decembro de 2020, referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Nicolás Vidal Pérez.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia
- Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”

Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)”

Establece o artigo 17 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.



FIRMANTE - FECHA





3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.
4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:
- a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.
 - b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.
 - c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.
5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.
6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”

Establece o artigo 18 da Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: “O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.
- e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.
- f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración.
- g) Horario de vertedura.
- h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura. Seranlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.
- i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.
- j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/02/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/02/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/02/2021 14:37:28





cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle debера remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Nicolás Vidal Pérez, emitido por Lidia Golobardas Otero (Técnica de Control de Verteduras de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.) e por Cristina Casas Pérez (Responsable de Operacións Zona Sur de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.), de data 14 de decembro de 2020.

Visto que na data do 7 de xullo de 2020 se realizou visita de inspección ás instalacións, en compañía do Técnico Municipal de Medio Ambiente deste Concello.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 03/02/2021, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

- Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (rede municipal de saneamento do núcleo rural de Oleiros, Ribeira) a Nicolás Vidal Pérez (76516612M) para o establecemento de hostalería (bar) localizado no lugar de Gándara, núm. 9, Oleiros, T.M. de Ribeira.

PERMISO DE VERTEVEDURA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmable, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Nicolás Vidal Pérez
N.I.F.: 76516612M
CNAE: 5630 "Establecementos de bebidas"





Enderezo da actividade: lugar de Gándara, núm. 9, Oleiros, T.M. de Ribeira

Referencia catastral: 15074A041008630000KZ.

Consumo de auga: 360 m³/ano

Observacións: a única fonte de alimentación de auga é a procedente de fontes de subministro propio, conta cun pozo de uso privativo dentro da parcela. Pola actividade desenvolta asimíllase que a auga vertida é a mesma que a auga consumida.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: Clase 1- Grupo 0. Sector servizos.

Cualificación do usuario: usuario de negocio.

A vertedura final é de augas residuais asimilables a domésticas.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

A instalación está conectada á rede de saneamento municipal. Respéctase a rede separativa, conta cunha acometida de augas fecais e outra acometida de augas pluviais.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde conecta a súa acometida de saneamento, son as seguintes: X: 499511,6615; Y: 4716925,0076; ED50.

A conexión de augas pluviais correspóndese coas seguintes coordenadas: X: 499509,269; Y: 4716931,8748; ED50.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Memoria descritiva da actividade:

O establecemento de hostalería, denominado "O Corral do Prego", destínase á actividade hostaleira de "bar". Conta con cociña e servizos públicos. No establecemento serven tapas e racións, bocadillos e comidas en xeral. Serven bebidas: café, cervexa, viño, refrescos, bebidas espirituosas. Dispoñen de terraza. Apertura en horario de 9:00 a 00:00h todos os días da semana.

Datos de produción:

A empresa desenvolve as actividades propios da actividade hostaleira e restauración. No establecemento serven tapas e racións, bocadillos e comidas en xeral. Serven bebidas: café, cervexa, viño, refrescos, bebidas espirituosas. Dispoñen de terraza.

Actualmente, a súa facturación encóntrase no rango de 0 € - 500.000 €. Conta cun persoal de menos de 10 empregados.

Balance de augas:





A única fonte de abastecemento de auga potable é a través de fontes propias, a través dun pozo de uso privativo. Os usos son os propios da actividade hostaleira e restauración. Entre eles estarán a limpeza, os aseos e a cociña.

O consumo medio estimado é de 1 m³/día (segundo datos estimados polo solicitante).

Polo proceso produtivo levado a cabo no establecemento, o caudal vertido de augas residuais é considerado o mesmo que a auga consumida. Distribuíndose en augas de tipo asimilable a doméstica, procedentes dos aseos, limpeza e cociña, nun 100% do caudal vertido. Será necesaria a instalación dun medidor de caudal das augas captadas do pozo privativo, para a obtención do volume de auga vertida.

Parte das augas pluviais recollidas na parcela quedan na propia parcela, outra parte é conducida a través da acometida de pluviais ata a rede municipal de augas pluviais.

Será necesaria a presentación dos planos de instalación interior da rede de abastecemento e saneamento.

Sistemas e unidades de tratamento:

As augas procedentes das instalacións, consistentes en auga de aseos e baños, limpeza, e cociña serán conducidas a través de arquetas de recollida distribuídas por diferentes puntos da instalación. As arquetas deberán ser accesibles e en número suficiente para permitir a inspección e limpeza se fora necesaria, da instalación.

Recoméndase a instalación dunha arqueta de desbaste e dunha cámara separadora de graxas, previas ao vertido final á rede de saneamento, antes da acometida e no interior da propiedade. O dimensionado deberá xustificarse axeitadamente segundo as normas técnicas establecidas. Deberán realizar limpeza periódicas que aseguren o bo funcionamento dos dispositivos.

Vertidos finais á rede de sumidoiros:

A vertedura final é de augas residuais asimilables a domésticas. As verteduras prodúcense polos servizos hostaleiros habituais (aseos, cociña, baldeos...), sendo estas asimilables a augas residuais domésticas.

As augas pluviais son vertidas a través da acometida de augas pluviais á rede municipal.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

Deberase limitar na medida do posible o vertido de sólidos á rede de saneamento (restos de comida, produtos sanitarios...), facendo bo uso da recollida selectiva de residuos. A cantidade de sólidos grosos no vertido debe ser inapreciable.





Recoméndase dispoñer dunha arqueta de desbaste e unha cámara separadora de aceites e graxas previas ao vertido á rede municipal de saneamento. Deberán ocuparse da limpeza periódica destas, asegurando o seu correcto funcionamento.

Características das augas residuais vertidas: en vista da actividade levada a cabo polo establecemento, considérase que as súas verteduras non comportan un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, polo que non se considera necesario a toma de mostra. Pola actividade desenvolta e segundo a solicitude recibida, o solicitante indica que as augas vertidas son asimilables a augas domésticas.

En calquera caso, deberanse cumprir os límites máis restritivos establecidos na *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

En caso de toma de mostra, os parámetros básicos a analizar serán, polo menos, os seguintes:

Parámetros analíticos		
Parámetro	Límite de verteduras (Valor medio diario máximo)	Unidades
Conductividade (25°C)	5.000	µS/cm ²
pH	5,5-9	U. de pH
DQO	1.000	mg O ₂ /L
DBO ₅	500	mg O ₂ /L
Sólidos en suspensión	500	mg/L
Nitróxeno Amoniacal	30	mg/L
Fósforo total	40	mg/L
Aceites e graxas	100	mg/L

f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración:

O caudal de augas residuais verterase de forma distribuída ao longo do día. En todo caso, os caudais máximos instantáneos non poderán superar o triplo do caudal medio autorizado.

g) Horario de vertedura:

O horario do establecemento é de luns a domingo, en horario de 09:00 a 00.00 horas.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

Atendendo ao artigo 31 do *Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia*, a mostra tomarase da arqueta de rexistro, no último punto accesible de saída de augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de sumidoiros e a calquera dilución.

Considérase o punto de toma de mostras o pozo de rexistro previa á incorporación á rede de sumidoiros, coas coordenadas UTM sinaladas no apartado c) deste permiso de vertedura.





A arqueta de rexistro exterior de sumidoiro considérase adecuada, xa que permite as tarefas de inspección e control.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso:

Non procede.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

De acordo co disposto no artigo 27 da Ordenanza, debido a que neste caso as verteduras non comportan un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, o Servizo considera que non será necesario a realización de inspeccións nin toma de mostras periódicas.

Sen embargo, nos supostos nos que sexan realizados cambios nas instalacións ou na actividade desenvolta que poidan afectar á calidade e volume das augas de vertedura, así coma en caso de sospeitarse de vertidos que poidan estar afectando as instalacións de saneamento e depuración municipais, poderase esixir a inspección e toma de mostra do vertido. De cada inspección o Servizo emitirá un informe para o control e seguimento do permiso de vertidos, a petición do Concello. O Servizo informará ao Concello en caso de detectarse incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións e incluso rescisión do permiso de vertido).

O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento* e terá unha validez de **oito (8) anos**, renovable por períodos idénticos (artigo 15.5 da Ordenanza).

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos, podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*).

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Non procede para este caso.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na Ordenanza municipal. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19.





m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso do establecemento de hostalería obxecto desta proposta, cuxo titular é Nicolás Vidal Pérez, o Servizo non considera necesario fixar unhas medidas concretas de actuación debido á actividade que desenvolverá nas instalacións.

Considerarase que o risco de que se produza unha situación de emerxencia que poida afectar ás instalacións está controlado, sempre que os almacenamentos de líquidos susceptibles de provocar ditas situacións dispoñan de cubetos de seguridade ou outros dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes. Deberase acreditar a documentación solicitada acerca dos produtos químicos utilizados e as condicións de almacenamento (existencia de cubetos de seguridade e absorbentes, e procedemento en caso de derrames).

Porén, achéganse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa concesionaria do servizo de saneamento, actualmente Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- Viaqua Central (24 h): 900201230
- Garda Viaqua: 609811249
- EDAR Ribeira: 680609827
- Concello de Ribeira: 981835417
- Policía Municipal de Ribeira: 981871178
- Protección Civil: 981876029

2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 horas o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluírá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas "in situ".
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:





Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

Non procede.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Aforo de caudais:

A empresa debe instalar un contador na captación de auga que deberá estar operativo en menos de seis (6) meses dende esta notificación de outorgamento do permiso de vertedura, que permitirá o control do volume vertido.

Enténdese neste caso que os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida serán aproximadamente os mesmos, polo que a lectura do caudal de auga de abastecemento pode utilizarse como medida do caudal vertido, en caso de non contar con contador da auga vertida.

Dispositivos de seguridade/almacenamento:

Os deterxentes e produtos de limpeza almacenados nas instalacións deberán estar almacenadas dentro de cubetos impermeables ou outro sistema de retención.

Os aceites vexetais, combustibles ou outros líquidos susceptibles de ser derramados e que se consideren perigosos para o medio ambiente, deberán estar almacenados dentro de cubetos impermeables ou outro sistema de retención.

En calquera caso deberase contar con material absorbente para evitar que un derrame accidental poida saír polos sumidoiros. O persoal contratado deberá estar informado do protocolo de actuación en caso de derrames de produtos na instalación. En caso de que o derrame puidera chegar a saír a través dos sumidoiros, deberase alertar ao Concello e ao Servizo de Augas na maior brevidade posible, de conformidade co previsto no apartado m).

Deberán entregar as fichas técnicas e de seguridade dos produtos de limpeza e demais produtos que poidan ser perigosos para o medio ambiente, e que sexan usados na actividade habitual do establecemento.

Deberán indicar as cantidades habituais de almacenamento así como as medidas de seguridade adoptadas.

Xestión dos residuos:





En canto á xestión de residuos, contratarase cunha empresa de recollida de residuos todos aqueles que excedan das previstas pola recollida municipal, e se disporán os espazos de almacenamento necesarios de acordo coas características do residuo.

Deberase prestar especial atención á xestión de aceites usados, que deberán ser almacenados de forma adecuada, identificados coma residuos e xestionados adecuadamente.

No caso de xerar residuos perigosos no desenvolvemento da súa actividade habitual, deberán xestionalos mediante a recollida destes polo xestor autorizado. Deberase presentar constancia diso achegando a *Resolución de Inscripción no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos como Pequeno Produtor de Residuos Perigosos* e os *Documentos de Aceptación de Residuos* que correspondan.

Deberán informar das cantidades xeradas anualmente de cada residuo xestionado. Comprobarase a devandita xestión mediante a documentación correspondente.

APROBACIÓN DA CANDIDATURA DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA A RENOVACIÓN DA DISTINCIÓN «CIUDAD DE LA CIENCIA Y LA INNOVACIÓN»

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de **Innovación Tecnolóxica, Administración, Transparencia e atención cidadá, Ana I. Barreiro Rego, de data 03/02/2021, relativa á convocatoria da primeira renovación da distinción “Ciudad de la Ciencia e Innovación”, mediante Resolución da “Secretaría General de Innovación”, de 26 de novembro de 2020, dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación.**

Considerando que o Concello de Ribeira foi distinguido como “Ciudad de la Ciencia e Innovación” na convocatoria do ano 2014 do Ministerio de Economía.

En base ao anterior, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- A aprobación da Candidatura do Concello de Ribeira para a *renovación da distinción «Ciudad de la Ciencia y la Innovación», acto que constituirá un xusto recoñecemento ao esforzo do Concello de Ribeira e un impulso para seguir adiante coa súa aposta por iniciativas e proxectos innovadores como base hacia un desenvolvemento local sostible.*

SEGUNDO.- *Facultar ao Sr. Acalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude.*

APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE ESTATAL CORREOS E TELÉGRAFOS, S.A., S. M.E., E O EXCMO. CONCELLO DE RIBEIRA, PARA FACILITAR O INGRESO EN CONTAS DO CONCELLO DE XIROS POSTAIS UTILIZADOS PARA PAGAR DÉBEDAS TRIBUTARIAS E OUTRAS DE DEREITO PÚBLICO





VISTA a proposta de Convenio entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA, S.M.E e o Excmo Concello de Ribeira para facilitar o ingresos en contas do Concello de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e o outras de Dereito Público.

VISTO que a través do devandito convenio pola Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., ofreceuse a posibilidade de efectuar os ingresos de dereito público a favor do Concello de Ribeira permitindo o pago dos mesmos aos contribuíntes, mediante xiro postal, e cuxas cantidades serán ingresadas na conta bancaria que o Concello designe para o efecto.

VISTOS os informes de Tesourería e Secretaría obrante no expediente.

VISTA a normativa aplicable, nomeadamente a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, o Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o REAL DECRETO 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, o Real DECRETO 128/18 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional e a Ordenanza fiscal xeral do Concello de Ribeira.

VISTA a proposta da Alcaldía, de data 02/02/2021, de aprobación do citado texto de convenio, a Xunta de Goberno Local, previa deliberación e debate sobre o expediente da súa razón, adopta acordo favorable sobre o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o texto do Convenio descrito entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA, S.M.E e o Excmo Concello de Ribeira para facilitar o ingresos en contas do Concello de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e o outras de Dereito Público.

SEGUNDO. Notificar e emprazar ás entidades *interesadas*, aos efectos de que se asine o Convenio arriba referenciado.

TERCEIRO:- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo

AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN -CURSO 2020/2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 02/02/2021, no que informa da relación de persoas que presentaron factura e xustificante de compra do material escolar concedido a cada solicitante, e na que propón a aprobación da relación e posterior abono das contias concedidas aos beneficiarios/as.

Visto o informe presentado pola **Comisión de Valoración de Axudas á Escolarización 2020-2021**, coa relación de gastos e listado definitivo de beneficiarios das axudas á escolarización para o vindeiro curso 2020-2021, de data 08/02/2021, que consta no expediente.





Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado definitivo de beneficiarios das axudas á para o vindeiro curso 2020-2021, según o contido do citado informe, dando traslado aos servizos económicos municipais para proceder ao seu abono.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 27/01/2021, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira presentada por XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX (Registro de entrada nº 608, de data 15/01/2021).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 22/01/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **283,58 €**, para sufragar os gastos derivados de débeda de fianza do aluguer de vivenda (220,00 €) e dun recibo de subministro de auga (63,58 €).

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

